

ECONOMÍA DA EMPRESA

1. [1 pto.] Sobre el impuesto de sociedades indique: (a) de qué tipo de impuesto se trata (directo o indirecto, razonando tu respuesta); (b) cuál es el sujeto pasivo, y (c) cuál es el hecho imponible
2. [1 pto.] Enumere las cinco fuerzas competitivas de Porter y desarrolle brevemente una de ellas
3. [1 pto.] ¿En qué consiste la segmentación de mercados y cuál es su finalidad?
4. [3 ptos.] A una empresa se le plantean dos proyectos de inversión, que suponen los siguientes desembolsos y flujos de caja netos:

Proyecto de Inversión	Desembolso inicial	FLUJOS DE CAJA			
		1.º Año	2.º Año	3.º Año	4.º Año
X	2.000	1.500	1.400	2.000	1.200
H	3.000	1.300	-1.050	1.600	1.080

Teniendo en cuenta un tipo de interés de mercado del 3%, se pide indicar cuál es el proyecto más rentable según los métodos del Valor Actual Neto (VAN) y del plazo de recuperación o *Pay-back*. Calcule los valores para cada método, indicando las operaciones, y justifique la respuesta.

5. [2 ptos.] Una empresa, cuyas ventas mensuales ascienden a 5.000 unidades físicas, genera los siguientes costes mensuales en su actividad:

- Materias primas: 5 € por unidad producida
- Energía y otros costes: 2 € por unidad producida
- Gastos financieros: 2.000 €
- Publicidad y otros gastos: 1.000 €
- Alquiler de nave industrial: 8.000 €
- Amortización de la maquinaria: 1.000 €
- Transporte de mercancías: 1.000 €.
- Retribución fija a los empleados: 7.000 €
- Retribución variable a los empleados: 1 € por unidad producida

Aplicando el concepto de punto muerto, determinar el precio de venta para el cual la empresa cubriría los costes sin obtener beneficio.

6. [2 ptos.] Una empresa con un activo total de 5.500.000€ ha obtenido en el último ejercicio económico unos beneficios antes de intereses e impuestos de 600.000€. El 40% de su activo se encuentra financiado con capital propio y el resto mediante financiación ajena a un tipo de interés del 10%. Considerándose un tipo medio impositivo de sociedades del 30%, calcular la rentabilidad económica [RE = Beneficio antes de intereses e impuestos/Activo total] y la rentabilidad financiera [RF = beneficio después de impuestos/recursos propios]

ECONOMÍA DA EMPRESA

1. [1 pto.] Sobre o imposto de sociedades indique: (a) de que tipo de imposto se trata (directo o indirecto, razoando a túa resposta); (b) cal é o suxeito pasivo, y (c) cal é o feito imponible
2. [1 pto.] Enumere as cinco forzas competitivas de Porter e explique brevemente unha delas
3. [1 pto.] En que consiste a segmentación de mercados e cal é a súa finalidade?
4. [3 ptos.] A unha empresa propóñenselle dous proxectos de investimento, que supoñen os seguintes desembolsos e fluxos de caixa netos:

Proxecto de investimento	Desembolso inicial	FLUXOS DE CAIXA			
		1. ^{er} Ano	2. ^o Ano	3. ^{er} Ano	4. ^o Ano
X	2.000	1.500	1.400	2.000	1.200
H	3.000	1.300	-1.050	1.600	1.080

Tendo en conta un tipo de xuro de mercado do 3%, pídese indicar cal é o proxecto máis rendible segundo os métodos do Valor Actual Neto (VAN) e do prazo de recuperación ou *Pay-back*. Calcule os valores para cada método, indicando as operacións, e xustifique a súa resposta.

5. [2 ptos.] Unha empresa, con vendas mensuais que ascenden a 5.000 unidades físicas, xera os seguintes custos mensuais na súa actividade:

- Materias primas: 5 € por unidade producida
- Enerxía e outros custos: 2 € por unidade producida
- Gastos financeiros: 2.000 €
- Publicidade e outros gastos: 1.000 €
- Alugueiro de nave industrial: 8.000 €
- Amortización da maquinaria: 1.000 €
- Transporte de mercadorías: 1.000 €.
- Retribución fixa ós empregados: 7.000 €
- Retribución variable ós empregados: 1 € por unidade producida

Aplicando o concepto de punto morto, determine o prezo de venda polo que a empresa cubriría os custos sen obter beneficio.

6. [2 ptos.] Unha empresa cun activo total de 5.500.000€ obtivo no último exercicio económico uns beneficios antes de xuros e impostos de 600.000€. O 40% do seu activo encóntrase financiado con capital propio e o resto mediante financiamento alleo a un tipo de xuro do 10%. Considerándose un tipo medio impositivo de sociedades do 30%, calcular a rendibilidade económica [RE = Beneficio antes de xuros e impostos/Activo total] e a rendibilidade financeira [RF = beneficio despois de impostos/recursos propios]

ECONOMÍA DA EMPRESA

Pregunta 1

Valorarase 0,25 puntos pola correcta definición de cada concepto, e 0,25 puntos pola xustificación. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 2

Valorarase 0,1 puntos pola correcta enumeración de cada unha das forzas competitivas de Porter, e 0,5 puntos pola explicación dunha delas. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 3

Valorarase 0,5 puntos pola correcta definición do concepto, e 0,5 puntos pola xustificación da súa finalidade. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 4.

Cálculo correcto dos indicadores para cada proxecto: 1 punto. Elección final correcta e razoada: 1 punto. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo. Na interpretación do resultado, ademais de considerar a medida en que se axusta a resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Pregunta 5.

Utilización da expresión matemática: 1 punto. Cálculo correcto de cada compoñente da expresión matemática: 0,2 puntos por cada un. Cálculo final: 0,4 puntos. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.

Pregunta 6

Cálculo de cada rendibilidade: 1 puntos. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.